

Carlos Lixó, profesor e escritor: "Atráeme a idea de pensar se a miña experiencia humana é común ou resultado do contexto"

Carlos Lixó (Carreira, Ribeira, 1991) é doutor en Historia, medievalista e profesor de ensino secundario. Ademais, é autor do poemario *As casas* (Espiral Maior, 2018), que recibiu o premio Pérez Parallé. Nas últimas semanas acaba de publicar a súa segunda obra de relatos, *Rastros* (editorial Rodolfo e Priscila), coa que percorre a historia do mundo en que vivimos.

[Roi Fernández](#) 31 de marzo de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/carlos-lixo-profesor-escriptor/20260331222341252089.html>

—Unha ducia de relatos conforman *Rastros*. Como describiría o seu libro?

Son relatos que están situados en diferentes momentos históricos. Están bastante vinculados coa sexualidade, cos corpos, coa represión e chámame a atención a idea de que situacións, actos ou sucesos acontecidos nunha sociedade distinta, situada noutro momento cronolóxico e noutro lugar poden ter significados moi diferentes. É dicir, o que é violencia é o que non, o que é desexo é o que non, o que é unha identidade ou deixa de ser muda en función do momento. Atráeme a idea de pensar se parte da miña experiencia humana é común con outros seres humanos ou é resultado do meu contexto.

—É historiador, doutor e profesor de Historia, influíu isto á hora de crear este libro?

Sempre me chamou moito a atención o aleatorio que pode ser ás veces a conservación das fontes que nos permiten coñecer o pasado. É dicir, as cousas que se conservaron e que nos permiten reconstruír unha parte do que pasou son resultado do azar. Isto sempre me fixo pór a mirada naquilo en que será o que non se conservou e non podemos saber, ben porque alguén o ocultou ou ben porque se perdeu.

—Que foi o que máis o sorprendeu ao indagar na historia dos relatos?

A medida que ía escribindo o libro, deime conta de que era necesario intentar recrear coa linguaxe unha forma de contalo propia da época sobre a que estaba traballando para achegarme ás sociedades pasadas. Para iso apoieime moito en textos do pasado e xoguei con fragmentos de documentos históricos. Ás veces, para falar do pasado a linguaxe actual non serve. Antes intentaba facer unha primeira versión dun relato ambientado nunha época pasada pero contado cunha linguaxe da época actual e non me gustaba. Encontrei que ás veces a propia linguaxe é

tamén un rastro da época á que nos chega, fun descubrindo que apropiarme da linguaxe das outras épocas foi necesario para achegarme a elas.

—Soubo desde sempre que ía ser escritor ou foi xurdindo co paso do tempo?

Xa no instituto escribía os meus textos. Na literatura, todos os escritores e as escritoras construímonos en base ao amor pola lectura, e este vénme de encontrarme con obras que me marcaron. Todas as persoas temos algo que contar e logo cada quen vai atopando a súa linguaxe. Na vida hai mil formas, mil xestos, mil maneiras de expresarse e coa que eu me sentín máis cómodo foi coa escrita.

—Ten xa debullados os seus seguintes pasos na creación literaria?

A verdade é que creo que son un autor bastante heteroxéneo no tipo de obras que escribo. O meu primeiro libro é de poesía, este de narrativa e ao mesmo tempo publico tamén en investigación. Gústame aproximarme a diferentes rexistros para tocar de mellor forma aqueles temas que me interesan. A diferenza do libro anterior, *As casas*, no que quedei como nun período de pausa e de descanso, *Rastros* honestamente estame dando motivación para escribir máis. A día de hoxe teño proxectos iniciados e plans de futuro pero nada que sexa para agora. Estou co desexo de facer máis cousas pero polo de agora estou desfrutando do camiño que vai tomando.